

Expediente núm.: 80/2023

BASES DESFILE CARROZAS E COMPARSAS ENTROIDO 2023

- 1) A Concellaría de Cultura do Concello de Salceda de Caselas convoca o XXIV Desfile de Carrozas e Comparsas que se realiza dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido 2023.

Neste desfile poderán inscribirse todas aquelas comparsas integradas por un mínimo de 15 compoñentes e constituídas legalmente como asociación. No caso da participación de menores de idade deben acompañarse á solicitude unha autorización de participación asinada polas nais/pais de cada unha/un das/dos menores, eximíndose o Concello de toda responsabilidade derivada deste incumprimento.

Establécense dúas modalidades:

- Modalidade A: Comparsas sen carroza
 - Modalidade B: Comparsas con carroza
- 2) As inscricións presentaranse no rexistro do Concello de Salceda de Caselas. As agrupacións de Salceda poderán formalizar a inscrición entre o 30 de xaneiro e o 5 de febreiro, e as de outros Concellos entre o 6 e 12 de febreiro.

As inscricións deberán realizarse obrigatoriamente mediante a sede electrónica do Concello de Salceda de Caselas (salcedadecaselas.sedelectronica.gal), empregando o modelo xenérico de Instancia Xeral. A identificación na sede electrónica realizarase co certificado dixital de representante de persoa xurídica (Asociación). No suposto de non dispor del, poderase realizar co certificado dixital de persoa física dalgunha das persoas integrantes da Xunta Directiva da Asociación, acreditando a representación.

Todas aquelas solicitudes presentadas fora de prazo non poderán optar ao premio por participación, e a súa participación no desfile terá que contar co visto bo do Concello de Salceda de Caselas.

No momento de realizar a inscrición é preciso presentar a seguinte documentación:

- Solicitude de participación no desfile.

- Fotocopia do CIF da Asociación.
- Certificado bancario do número de conta da asociación.
- Fotocopia do DNI da persoa representante da asociación e documento acreditativo do seu nomeamento.
- Listaxe de participantes na que apareza a data de nacemento da persoa de maior idade.
- Autorizacións para a participación das/dos menores de idade asinadas pola nai/pai ou representantes legais.
- Nomeamento da persoa que formará parte do xurado.
- Lonxitude total das carrozas por vehículos que compoñen a comparsa.
- Copia do seguro obrigatorio dos vehículos que formen parte da comparsa, e número de teléfono das/os conductoras/es dos mesmos.

O Concello, por motivos de seguridade e de organización, resérvase o dereito de reducir ou ampliar o prazo de inscrición.

Cada asociación só poderá inscribir unha agrupación baixo o seu nome.

- 3) O desfile de comparsas e carrozas celebrarase o domingo 19 de febreiro de 2023. Se as condicións climatolóxicas non permiten a realización do desfile, este celebrarase o 26 de febreiro de 2023. A saída queda fixada para as 17:00 horas dende a Praza da Devesa, discorrendo o desfile polas rúas Vigo, Avenida de Galicia, Victoriano Pérez Vidal, Rollo e Doutor Zunzunegui. As carrozas deberán estar no sitio asignado de saída entre as 15:30 e as 16:30.

O retraso ou anticipo na chegada das carrozas conlevará redución no premio por participación, a razón de 5€ por cada minuto de diferenza.

- 4) O luns 13 de febreiro celebrarase unha reunión organizativa ás 19.00 na Casa da Cultura de Salceda, á cal deberá acudir obrigatoriamente a persoa representante de cada agrupación. De seguido, ás 20.00, celebrarase outra reunión coas persoas designadas por cada agrupación para formar parte do xurado, tamén de obrigada asistencia.

Nesta reunión establecerase a orde de desfile das comparsas mediante un sorteo. As comparsas participantes poderán acordar cambios na orde na propia reunión, suxeitos á aprobación por parte do Concello.



- 5) Cada comparsa terá un distintivo co seu nome e número de compoñentes visible na parte frontal da súa carroza. Así mesmo levará visible o cartaz co número de participante que lle será entregado na reunión do 13 de febreiro.
- 6) Queda totalmente prohibido o uso de petardos, sprays, bengalas ou lanzamentos de obxectos perigosos ao público.
- 7) As carrozas e comparsas levarán unha velocidade lenta para amosar o seu traballo, non podendo deterse durante o percorrido, salvo causa maior xustificada.
- 8) Queda prohibido levar calquera tipo de animal na comparsa e/ou na carroza.
- 9) As carrozas deberán levar os altofalantes dirixidos cara a súa propia comparsa ou cara os laterais. Quedan prohibidos os altofalantes dirixidos cara a comparsa anterior ou posterior. A organización do desfile poderá requirir ás comparsas que baixen o volume.
- 10) As comparsas participantes deberán elaborar varias coplas que serán recitadas polos membros que cada comparsa considere oportunos na Praza do Concello unha vez rematado o desfile. A non participación no concurso de coplas conllevará a redución do premio por participación nun 50%.
- 11) Pagamento por participación:

Establécense os seguintes pagamentos por participación:

Modalidade A:

- Comparsas de 15 a 40 membros: 150,00 €
- Comparsas de 41 ou máis membros: 300,00 €

Modalidade B:

- Carroza e comparsa de 15 a 30 membros: 250,00 €
- Carroza e comparsa de 31 a 75 membros: 550,00 €
- Carroza e comparsa de 76 ou máis membros: 900,00 €

O pagamento por participación rematará no momento en que a cantidade a repartir por comparsas inscritas, segundo o número de compoñentes e por



riguroso orde de inscrición, chegue á cantidade disposta polo Concello de Salceda, sendo o orzamento máximo a estes efectos de 10.500,00 €.

O número de compoñentes deberá figurar nun cartaz visible na carroza. Porén, os compoñentes serán contados pola organización durante o transcurso do desfile.

12) Establécese como premio un xamón para a mellor comparsa en cada unha das seguintes categorías:

- Mellor coreografía.
- Comparsa máis festeira.
- Comparsa con maior número de compoñentes.
- Temática máis orixinal.
- Mellor vestiario.
- Mellor maquillaxe.
- Mellor carroza.
- Persoa participante de maior idade.
- Coplas máis divertidas
- Coplas mellor recitadas

Para outorgar estes premios formarase un xurado composto por unha persoa designada para tal fin por cada unha das comparsas participantes. Dito membro quedará xa designado no momento de inscribir a comparsa para o concurso. Os membros do xurado acudirán a unha reunión na Casa da Cultura o luns 13 de febreiro ás 20.00 horas, na que se explicarán os criterios de valoración e o sistema de votación das carrozas e comparsas.

O xurado das coplas estará formado por persoas de asociación de Salceda de Caselas.

13) Estas bases serán publicadas no taboleiro de edictos do Concello de Salceda de Caselas así como na páxina web. (www.salcedadecaselas.gal)

14) Para calquera cuestión non contemplada nas presentes bases, a organización resolverá segundo o seu criterio, sen que esta se vexa obrigada a comunicalo previamente.

15) O feito de inscribirse no Desfile de Carrozas e Comparsas supón a plena aceptación das presentes bases.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE



SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Don/Dona _____,
con D.N.I.: _____, teléfono _____ e correo electrónico
_____ en representación da comparsa denominada
_____, pertencente á
asociación _____, con enderezo en

Solicita a inscrición de dita comparsa no XXIV Desfile de Carrozas e Comparsas organizado polo Concello de Salceda de Caselas e que se vai celebrar o vindeiro domingo 19 de febreiro de 2023.

Modalidade: ___ A (comparsa sen carroza) Nº de compoñentes: ___

___ B (comparsa máis carroza) Nº de compoñentes: ___

Adxúntase a seguinte documentación:

Asociacións:

- Nomeamento do representante cos seus datos de contacto
- Declaración responsable
- Fotocopia do DNI do representante
- Fotocopia do CIF da Asociación
- Certificado do número de conta da Asociación
- Autorizacións para a participación de menores de idade (de ser o caso)
- Listado de participantes coa data de nacemento da persoas de maior e menor idade
- Nomeamento do membro do xurado cos seus datos de contacto
- Fotocopia do DNI do membro do xurado
- Lonxitude das carrozas por vehículos que compoñen a comparsa.
- Copia do seguro obrigatorio dos vehículos que formen parte da comparsa, e número de teléfono dos conductores dos mesmos.

En Salceda de Caselas, a ___ de _____ de 2023

Asdo.: _____ (representante)

CONCELLEIRO DE CULTURA DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS



AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN DE MENORES

Don/Dona _____, con DNI _____,
pai/nai/representante legal das/dos menores:

1.- _____

2.- _____

3.- _____

4.- _____

5.- _____

Autorizo a súa participación no XXIV Desfile de Carrozas e Comparsas organizado polo Concello de Salceda de Caselas, que se vai celebrar o vindeiro domingo 19 de febreiro de 2023.

En _____ a ____ de _____ de 2023

Asdo.: _____



NOMEAMENTO MEMBRO DO XURADO

Don/Dona _____, con DNI _____,
representante da comparsa _____, nomeo como
compoñente do xurado para o XXIII Desfile de Carrozas e Comparsas organizado polo
Concello de Salceda de Caselas que se vai celebrar o vindeiro domingo 19 de febreiro de
2023 a Don/Dona _____, con DNI _____,
teléfono _____ e correo electrónico _____

En _____, a ____ de _____ de 2023

Asdo.: _____

NOMEAMENTO REPRESENTANTE

Don/Dona _____, con DNI _____,
Presidente/a da asociación _____, nomeo como
representante de dita asociación para o XXIII Desfile de Carrozas e Comparsas organizado
polo Concello de Salceda de Caselas que se vai celebrar o vindeiro domingo 19 de febreiro
de 2023 a Don/Dona _____, con DNI
_____, teléfono _____ e correo
electrónico _____

En _____, a ____ de _____ de 2023

Asdo.: _____